

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

galicia  
o bo camiño

# VALOR E MESTRÍA

EXPOSICIÓN  
MUSEO CENTRO GAIÁS



15 FEBREIRO – 1 SETEMBRO 2019  
CIDADEDACULTURA.GAL

# GALICIA COMO FÚTBOL



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA

COLABORA



LaLiga



Santander

you would care for the or  
ll and it though they are n



4/05.

sending you by this pos  
ish are considered rather  
m & if you want more let  
a small to send them to the



Final of this group  
on very good.



Some photos of myself  
good, do what you like with  
me know, is there anyone you  
write soon to C.C.

O Pontevedra do *Hai que roelo*. Tempada 1965-1966

Deportivo-Pontevedra disputado no Corralón da Gaitreira (A Coruña) o 14 de agosto de 1908. Foto: José Sellier. Colección Rubén Ventureira



Equipo Atalante, en Vigo. Foto: Llanos (Museo Etnolóxico de Ribadavia)



# Valor e mestría. Galicia como fútbol

**Exposición**  
**Museo Centro Gaiás (2º Andar)**  
**15 febreiro—1 setembro 2019**  
**[cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)**

*Valor e mestría. Galicia como fútbol* é a exposición máis ambiciosa sobre o fenómeno do fútbol na nosa comunidade, tanto en percorrido histórico como en número de pezas: máis de 300.

A mostra arranca en 1876, ano no que se data a primeira referencia ao xogo do foot-ball en Galicia —e que algúns historiadores consideran que tamén en España— ata o gol do celtista Iago Aspas no recente Mundial de Rusia.

Ao longo destes 143 anos o fútbol galego foi protagonista en numerosos momentos estelares. Así, a escolma de pezas desta exposición devólvenos as xestas de equipos como o Racing subcampión da Copa de España, o Pontevedra do *Hai que roelo*, o *Súper Dépor* ou do Celta que brillou en Europa; de adestradores como Moncho Encinas, Arsenio Iglesias ou Carriega; e de xogadores como os olímpicos galegos de 1920, Luis Suárez, Amancio, Marcelino, Fran, Borja Oubiña, Iago Aspas, Lucas Vázquez ou Lucas Pérez; ou da nosa futbolista máis internacional,





O Celta de Mostovoi protagonizou, xunto ao *Súper Dépor*, a idade dourada do fútbol galego

Orla do Racing de Ferrol campión galego na tempada 1928-1929. Cortesía Racing de Ferrol

Donato cabecea a gol o 1-0 no Dépor-Espanyol no que o equipo coruñés logrou o título de Liga, 19-05-2000. Mero Barral

Verónica Boquete, o nome máis representativo da explosión que está a vivir o fútbol feminino galego e que tivo á porteira Irene como pioneira a principios do século pasado.

Facerse eco de todos eles é o principal obxectivo de *Valor e mestría. Galicia como fútbol*, a exposición que se desenvolve do 15 de febreiro ao 1 de setembro no segundo andar do Museo Centro Gaiás, da Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela. Organizada pola Xunta de Galicia e con Xosé Antón Castro Fernández e Rubén Ventureira Novo como comisarios, a mostra reúne trofeos, medallas, fotografías, vídeos, audios de radio, carteis, bandeiras, camisetas, botas, bufandas e outro tipo de obxectos.

As pezas que compoñen a exposición foron achegadas por diferentes institucións (29), clubs (17) e coleccionistas privados (77). Así, requiriuse a colaboración dos principais clubs da comunidade —así como da Federación Galega de Fútbol e da LaLiga Santander— e

tamén dos xogadores máis relevantes da historia do noso fútbol ou ben dos seus herdeiros.

Nesta escolla, destácase especialmente o papel dos galegos na selección española. Tamén se salientan apartados específicos para as distintas etapas da selección galega e para os adestradores máis sobresaíntes. A ampla duración da exhibición obedece a que é a primeira vez se que celebra unha mostra destas características, o que obrigou a un inxente traballo de recompilación de datos, documentación e pezas, traballo que merece ser plasmado con xenerosidade temporal —de aí a duración—, ademais de espacial.

# Conexións do fútbol co mundo da cultura



Portada de "El Coloso de Rande" de Bugallal

Debuxo humorístico de Rivas. Final da primeira Copa Pontevedra, disputada polo Pontevedra SC e o Vigo FC o 15 de setembro de 1906 na Xunqueira | Museo de Pontevedra



Non se obvia neste percorrido histórico a relación do fútbol galego coa cultura, especialmente coa literatura ou a pintura. Precisamente, o nome do título da exposición vén da descrición que deste deporte fixo o intelectual e escritor ourensán Eduardo Blanco Amor, mentres que a imaxe principal da mostra é autoría doutro artista ourensán Antón Pulido. A presenza deste artista tamén connota as conexións do fútbol co mundo da cultura.

Precisamente, *Valor e mestría. Galicia como fútbol* exhibe caricaturas de futbolistas de Alfonso Daniel Rodríguez, Castelao; retratos de pintores como Francisco Lloréns —un óleo do xogador Virgilio Rodríguez de 1911, que é a primeira representación en cor da camiseta do Deportivo—, obras de arte do xogador e tamén artista Cheché Martín; recolle o compromiso

de galeguistas como Antón Losada Diéguez, fundador dun dos primeiros equipos profesionais de Galicia; e tamén amosa as obras literarias de escritores como Wenceslao Fernández Flórez, José Luis Bugallal —autor da primeira novela de tema deportivo publicada en España, *El coloso de Rande*—, Eduardo Galeano ou Julio Llamazares.



# Estrutura e fitos



O Fortuna de Vigo, en 1916. Arquivo fotográfico Pacheco. Concello de Vigo

## Estrutura

A exposición fai un percorrido pola historia do fútbol galego en nove seccións. As sete primeiras enmarcan cronoloxicamente os contidos. A oitava está dedicada aos adestradores e a novena a aspectos que rodean o fútbol.

1. *A orixe do fútbol en Galicia: os primeiros «matches», clubs e torneos. Un horizonte amateur (1876-maio de 1926).*
2. *Do nacemento do fútbol profesional ata o final da guerra (xuño 1926-1939).*
3. *A longa posguerra: os títulos resístense (1940-1959).*
4. *Os gloriosos anos 60 (1960-1969).*
5. *Luces e escuridade en tempo de cambios (1970-1991).*
6. *A idade dourada do fútbol galego (1992-2010).*
7. *A resaca do éxito no fútbol masculino e o gran salto do feminino (2012-2019).*
8. *Tácticos á galega. Os grandes adestradores galegos.*
9. *Máis aló do céspede. O futbolín, os cromos, a afección, os xogos...*

## Fitos

A exposición iníciase coa creación dos primeiros equipos en toda Galicia e os éxitos do Vigo e do Fortuna e conclúe cos triunfos recentes de xogadores galegos como Lucas Vázquez, Lucas Pérez ou Iago Aspas. Entremedias, fitos como:

- O triunfo de tres futbolistas galegos con España nos Xogos de Anvers de 1920.
- O Racing de Ferrol subcampión da Copa do Xeneralísimo en 1939.
- Balón de Ouro para Luis Suárez en 1960.
- A Eurocopa gañada en 1964 por España con catro galegos no equipo.
- O Pontevedra do *Hai que roelo*.
- O CD Orense que acaba o campionato de Terceira invicto.
- O Celta que debutou en Europa nos anos 70.
- Os triunfos do Karbo.
- A irrupción do *Súper Dépor* e os primeiros títulos do fútbol galego.
- A internacionalización do Deportivo e do Celta.
- Os anos dourados do Compostela.
- O gran salto do fútbol feminino.

# A exposición en historias



## Exiles F.C.

Equipo formado por traballadores da compañía inglesa Eastern Telegraph Company, instalados en Vigo, e que son considerados por certos historiadores como os primeiros en xogar este deporte en España en 1876. Ao redor do Exiles pronto xurdiu certo efecto contaxio, xa que en 1905 nacen o Vigo e o Fortuna, equipos que confluirán dentro do Celta de Vigo na súa fundación en 1923.



## Irene González Basanta

(A Coruña, 1909 - 1928) foi unha auténtica pioneira no fútbol feminino. Foi a primeira muller que tivo un club co seu nome (Irene C.F.) e en ser capitana dun equipo todo de homes. Ocupaba o posto de gardameta. Os campos enchíanse de xente para vela xogar e incluso lle dedicaron coplas populares como *Mamá, futbolista quero ser, para xogar como Irene, que xoga moi ben*. Valente e inconformista, as crónicas da época recollen como a pesar da negativa do seu pai —que a tiña sacado á forza do céspede— ela amosaba a súa vocación inquebrantable volviendo sempre xogar ao campo.

## Galicia na xesta de Anveres

A popularización definitiva do fútbol en España chegou en 1920, cando a selección acadou unha medalla de prata nos Xogos de Anveres. Tres galegos protagonizaron aquela xesta: Luis Otero, Moncho Gil e Ramón González. En *Valor e mestría. Galicia como fútbol* expóñense a medalla de prata que recibiu González, así como a maleta coa que viaxou a Bélxica.

## Os trofeos máis antigos conservados da historia do fútbol galego

Na exposición poderanse ver a Copa Compostelá de 1906 e a copa de Campión de Galicia que gañou o Fortuna de Vigo en propiedade en 1911. Ambos foron cedidas pola Fundación Celta de Vigo.

## A primeira representación en cor da camiseta do Deportivo

*Xogador de fútbol* (Virgilio Rodríguez Rincón) é un magnífico óleo do pintor Francisco Lloréns que se restaurou para esta exposición. Pertenceu ata a súa morte ao propio futbolista, a primeira grande estrela do Deportivo, que posou para o artista nesta extraordinaria peza, que, a día de hoxe, é a primeira representación en cor que coñecemos da camiseta do equipo coruñés. A obra data de 1911 e foi cedida á exposición polo Museo de Belas Artes da Coruña.







## Karbo, pioneiro do fútbol feminino

Fundado en 1969 na Coruña, converteuse nos anos 80 no gran referente do fútbol feminino español. Conquistou unha Copa Raíña Sofía (1981-1982) e tres campionatos de España consecutivos (de 1983 a 1985). A copa do Campionato de España que gañou na tempada 1982-1983 forma parte da exposición, así como unhas botas e unha camiseta cedidas polo colexio no que se orixinou o equipo.

## O Balón de Ouro de Luis Suárez

Só un xogador nado en España gañou o Balón de Ouro. Foi o galego Luis Suárez. Logrouno en 1960, como xogador do Barça. O trofeo poderase admirar nesta exposición por cortesía do FC Barcelona, en cuxo museo depositou Suárez este balón.



## As botas e a camiseta mundialistas de Iago Aspas

Foi, xunto a Lucas Vázquez, o último galego que disputou o Mundial, seguindo o camiño aberto por Chacho en 1934. Unhas botas personalizadas que luciu no campionato do pasado ano 2018 e a camiseta do seu debut mundialista, o 15 de xuño contra Portugal, veranse na exposición.



## O Balaídos dos anos 30, en imaxes

Balaídos, inaugurado en 1928, foi o primeiro grande estadio de Galicia. Na exposición pódense admirar unhas imaxes deste recinto deportivo nos anos 30, as máis antigas coñecidas. Esta película é unha das contribucións do Centro Galego de Artes de Imaxe (CGAI) á exposición. Foi depositada nesta filмотeca por Xacobe González Álvarez.



## Os grandes trofeos do Dépor

Galicia acadou seis títulos en competicións de ámbito español. Todos eles logrounos o Deportivo. Os trofeos de tres deles, os máis importantes (Copa do Rei 1995, Liga 2000 e Copa do Rei 2002) móstranse nesta exposición.

# Pezas destacadas na exposición

## 1. A orixe do fútbol en Galicia: os primeiros «matches», clubs e torneos. Un horizonte amateur (1876-maio de 1926)

- Postal litográfica dun partido de “football” en Vigo. Primeira imaxe coñecida do fútbol en Galicia\*.
- Equipación orixinal do porteiro do Deportivo Salvador Fojón, do ano de fundación do club, 1906\*.
- Medalla de prata gañada nos Xogos Olímpicos de 1920 polo galego Ramón González\*.
- Copa de Galicia e Copa Compostelá, os trofeos máis antigos conservados da historia do fútbol galego.
- *Xogador de fútbol* (Virgilio Rodríguez Rincón), óleo sobre lenzo de Francisco Lloréns. Primeira imaxe en cor do Deportivo.
- Fotografía da porteira Irene, pioneira do fútbol feminino en España, no Parque de Riazor\*.

## 2. Do nacemento do fútbol profesional ata o final da guerra (xuño 1926-1939)

- Película do estadio de Balaídos nos anos 30\*.
- Película do partido Deportivo-Eiriña, do Campionato de Galicia de 1932.
- Baúl de viaxe do Celta, dos anos 30.
- Trofeo de subcampión de Copa de España 1939, do Racing de Ferrol.
- Exemplares orixinais da revista Aire con caricaturas realizadas por Castelao dos xogadores Fariña, Guevara e Telesforo, do Eiriña\*.

## 3. A longa posguerra: os títulos resistense (1940-1959)

- Trofeo de subcampión de Copa 1948, do Celta de Vigo.
- Bandeirola regalada por Portugal con motivo da inauguración do estadio Riazor, en 1945\*.
- *Bodegón*, óleo sobre lenzo pintado polo futbolista e pintor Cheché Martín.

- O primeiro trofeo Teresa Herrera da historia, gañado polo Sevilla en 1946.

## 4. Os gloriosos anos 60 (1960-1969)

- Camiseta de Cholo, xogador do Pontevedra do *Hai que roelo*.
- Balón de Ouro recibido por Luis Suárez en 1960, único gañado por un xogador nado en España.
- Camiseta da selección da FIFA vestida por Amancio en 1968\*.

## 5. Lucas e escuridade en tempo de cambios (1970-1991)

- Camiseta que vestiu Vicente Celeiro o día en que marcou o gol que evitou a desaparición do Deportivo, en 1988\*.
- Balón da final de Copa Barça-Madrid, arbitrada en 1990 polo galego Raúl García de Loza\*.
- Réplica da Copa da UEFA gañada pola ‘Quinta del Buitre’, do porteiro galego Miguel Ángel\*.

- A copa do Campionato de España feminino logrado polo Karbo na tempada 1982-1983\*.

## 6. A idade dourada do fútbol galego (1992-2010)

- Camiseta vestida por Otero na final de Copa 1994, na que o Celta obtén o subcampionato\*.
- Trofeo de campión de Copa 1995, do Deportivo.
- Bota de Ouro ao máximo goleador do Mundial sub-20 de 1999, gañada polo galego Pablo Couñago\*.
- Trofeo de campión de Liga 2000, do Deportivo.
- Trofeo de campión da Copa 2002, do Deportivo.
- Camiseta vestida por José Luis Deus o día do retorno da selección galega en 2005\*, onde marcou dous dos tres goles que lle deron a vitoria ante a selección de Uruguai.

- Camiseta vestida por Fran no partido a beneficio dos afectados polo *Prestige* no que un combinado do Celta e do Deportivo enfrontouse ao Real Madrid en 2003\*.

## 7. A resaca do éxito no fútbol masculino e o gran salto do feminino (2012-2019)

- Camiseta e botas de Manu, autor do gol do ascenso do Lugo a 2ª en 2012\*.
- Camiseta que vestiu Verónica Boquete na final da Champions de 2015\*.
- Medalla da FA Cup, o torneo de fútbol máis antigo do mundo, gañada polo galego Lucas Pérez en 2017\*.
- Medalla de gañador da Liga de Campións, e a camiseta da final, do galego Lucas Vázquez\*.
- Botas de Iago Aspas no Mundial de Rusia 2018\*.

## 8. Tácticos á galega. Os grandes adestradores galegos.

- Balón do partido da final da Copa da República de 1935, que foi propiedade do galego Encinas, adestrador do Sevilla.
- Réplica do busto de Arsenio Iglesias no Paseo Marítimo da Coruña\*.
- Medalla de gañador da Eurocopa 2008, recibida polo segundo adestrador de España, o galego Ufarte\*.

## Área “Máis aló do cespede”:

- Fútbolín personalizado con dúas seleccións galegas.
- Figuras de Subbuteo de varios equipos galegos.

\* Peza nunca exposta.



# Comisariado e deseño gráfico


## Comisarios

### Xosé Antón Castro Fernández

Historiador e crítico de arte licenciado en Historia da Arte e Arqueoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e doutor en Arte pola Universidad Complutense de Madrid. Ampliou os seus coñecementos de arte contemporánea no MOMA e no Metropolitan Museum of Art de Nova York. Foi director da sección de Artes Plásticas da Dirección Xeral de Cultura da Xunta, organizador da Bienal de Arte de Pontevedra e conservador do CGAC. Foi profesor no Liceo Internacional de París e na Universidade de Vigo.

### Rubén Ventureira Novo

Xornalista e comisario de exposicións. Rubén Ventureira Novo (A Coruña, 1971) exerceu como xornalista en *El Ideal Gallego* e *La Voz de Galicia*. É autor de publicacións como *Picasso Azul y Blanco. A Coruña: el nacimiento de un pintor*; *Fran, o Neno 10*; *Calendario Histórico do RC Deportivo* ou o *Calendario Histórico de A Coruña*. Comisariou exposicións como *Urbano Luguís. Paredes soñadas* (Afundación, A Coruña 2017), *Fernando Rey. Cabaleiro do cinema* (Kiosco Alfonso, A Coruña, 2017), *Picasso. Visto por Edward Quinn* (Museo Picasso de Buitrago de Lozoya, 2017) ou *Gumersindo Pardo Reguera. Inspirador de Picasso* (Museo Provincial de Lugo, 2016). Ademais –de 2013 e 2015– foi coordinador xeneral do *Acontecemento de Excepcional Interese Público. A Coruña. 120 anos despois –conmemorativo do 120 aniversario da primeira exposición de Picasso–*, que constou de oito exposicións.



## Imaxe e deseño gráfico da exposición

### Antón Pulido

O artista ourensán é o encargado da imaxe principal da exposición. Este expresionista vencellado ás escolas xermanas de posguerra, iniciou a súa formación en Ourense ata que se trasladou a Barcelona, onde cursou Belas Artes na Escola Superior de San Xurxo, para se titular na especialidade de pintura e gravado. A súa primeira exposición foi en Ourense, no Ateneo, en 1971. Desde aquela participa frecuentemente en colectivas en Galicia e Cataluña; aquí, invitado pola Generalitat en 1987 representou a Galicia con Antonio Saura, García Berlanga, César Manrique e Baltasar Porcel nos 'Encuentros de Antropología y diversidad hispánica'. Traballou en Vigo, onde foi profesor de debuxo, ata que se mudou a Compostela, primeiro como director xeral de Cultura da Xunta de Galicia e máis tarde como director do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).

### David Carballal

Licenciado en Belas Artes e autor da imaxe gráfica da exposición. Desde 1996 ten un estudo de deseño na Coruña especializado en deseño editorial e en comunicación corporativa. Deseñou programas de identidade e comunicación corporativa para institucións como Fundación Paideia, A Coruña (1999); Facultade de Belas Artes, Pontevedra (2005); Casa de la India, Valladolid (2006); Centro Ágora, A Coruña (2011); ou Castelo e Parque de Soutomaior, Pontevedra (2016). Deseñou diversos catálogos e monografías de artistas para varias institucións como o Kiosco Alfonso da Coruña, o Colexio Oficial de Arquitectos da Coruña, a Facultade de Belas Artes de Pontevedra, a Fundación Barrié ou o Museo Marco de Vigo. Desde 2012 é responsable do deseño da colección Clásicos da Academia, coeditada pola Real Academia Galega e a Fundación Barrié. No deseño da gráfica, David Carballal contou coa colaboración de Juan Gallego.

# Catálogo



*Valor e mestría. Galicia como fútbol* conta coa publicación dun catálogo no que quedan reflectidos, despois da súa posterior consulta, contidos que forman parte da mostra, apoiados con textos de expertos en fútbol galego. No catálogo tamén se reproducen fotograficamente pezas seleccionadas coa súa correspondente ficha técnica, indicando os datos de cada unha delas.

## Ficha técnica

Textos: Antón Castro (comisario), Rubén Ventureira (comisario), Juan Carlos Álvarez (Faro de Vigo), Carlos Miranda (La Opinión A Coruña), Jorge Deza (historiador de fútbol), Juan L. Cudeiro (El País), Arturo Lezcano (El País Semanal, A la contra, etc) Alexandre Centeno (La Voz de Galicia) e Cristina López Villar (Universidade da Coruña).

Deseño: David Carballal.

Extensión: 240 páxinas.

Bilingüe: galego / castelán.

Tirada: 1.000 exemplares.

## Os textos:

Prefacio 1. *Unha relixión sen ateos: Galicia como fútbol*. Por Antón Castro.

Prefacio 2. *Reliquias do noso fútbol*. Por Rubén Ventureira.

Capítulo 1. *A orixe do fútbol en Galicia: os primeiros «matches», clubs e torneos. Un horizonte amateur (1876-maio de 1926)*. Por Rubén Ventureira

Capítulo 2. *Do nacemento do fútbol profesional ata o final da guerra (xuño 1926-1939)*. Por Juan Carlos Álvarez.

Capítulo 3. *A longa posguerra: os títulos resísten (1940-1959)*. Por Carlos Miranda.

Capítulo 4. *Os gloriosos anos 60: a Eurocopa dos catro galegos e o Pontevedra do “Hai que roelo” (1960-1969)*. Por Jorge Deza.

Capítulo 5. *Lucas e escuridade en tempo de cambios (1970-1991)*. Por Juan L. Cudeiro.

Capítulo 6. *A era dourada do fútbol galego (1992-2010)*. Por Arturo Lezcano.

Capítulo 7. *A resaca do éxito. (2011-2019)*. Por Alexandre Centeno.

Capítulo 8. *O fútbol feminino galego (1924-2019)*. Por Cristina López Villar (Universidade da Coruña).

# Orixe das pezas



O Racing de Ferrol, campión galego invicto da tempada 1928-29. Cortesía Jorge Manuel Deza

## INSTITUCIÓNS CEDENTES DE OBRA

Agencia EFE, Arquivo ABC, Arquivo Faro de Vigo, Arquivo La Opinión A Coruña, Arquivo La Voz de Galicia, Arquivo Municipal da Coruña, Arquivo Nomes e Voces, Arquivo fotográfico Pacheco. Concello de Vigo, Biblioteca de Estudos Locais da Coruña. Concello da Coruña, Biblioteca Nacional de España, Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), Colexio Karbo, Concellaría de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal (Concello de Santiago), CRTVG, Deputación de Ourense, Diario As, Filмотeca Española, Museo de Belas Artes da Coruña, Museo de Pontevedra, Museo Etnolóxico de Ribadavia, Radio Coruña-Cadena SER, Radio Galicia-Cadena SER, Radio Vigo-Cadena SER, Radio Voz, Real Academia Galega, Real Federación Galega de Fútbol, RNE, RTVE, Tsunami Fútbolín Profesional

## CLUBS DE FÚTBOL COLABORADORES CEDENTES DE PEZAS

Atlético Arousana, Arosa Sociedad Cultural, Athletic Club de Bilbao, Atlético de Madrid, CD Lugo, FC Barcelona, Federación de Peñas Recreativas «El Olivo», Museo del Fútbol Uruguayo, Pontevedra CF, Racing Club de Ferrol, RC Celta de Vigo, RC Deportivo de La Coruña, SD Compostela, SDX Aguiño, Sevilla Fútbol Club, Sociedade Cultural Recreativa e Deportiva Ferrándiz e Unión Guardesa.

## COLECCIONISTAS PRIVADOS

77 coleccionistas privados ceden materiais para esta exposición sobre o fútbol galego.



# Créditos

## Organiza

### Xunta de Galicia

#### PRESIDENTE

Alberto Núñez Feijóo

### Consellería de Cultura e Turismo

#### CONSELLEIRO

Román Rodríguez González

#### SECRETARIO XERAL TÉCNICO

Secretario General Técnico

Manuel Vila López

#### DIRECTOR XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIS

Anxo Lorenzo Suárez

### Fundación Cidade da Cultura de Galicia

#### DIRECTORA XERENTE

Directora Gerente

Ana Isabel Vázquez

Reboredo

#### DIRECTORA DE ACCIÓN CULTURAL

María Pereira Otero

#### DIRECTOR DE OFICINA TÉCNICA

Benito García Caramés

#### DIRECTOR ECONÓMICO FINANCEIRO

Santiago González Prado

### Fondo Gaiás da Empresa Galega

#### ABANCA

Afundación

Inditex

Inveravante

Naturgy

Fundación Barrié

Banco Sabadell

Coren

Campo

Gadisa

Grupo Nosa-Terra 21

Astilleros Barreras

R Cable y

Telecomunicaciones

Galicia

Monbus

## EXPOSICIÓN

### Comisarios

Antón Castro Fernández

Rubén Ventureira Novo

### Asesores

Carlos Luis Miranda Calvo

Juan Luis Rodríguez Cudeiro

### Coordinación exposición

Departamento de

exposicións de Acción

Cultural

### Deseño de montaxe

Oficina Técnica Fundación

Cidade da Cultura

Sellier arquitectura

### Comunicación e marketing

Departamento de

Comunicación e Marketing

### Didáctica-mediación

Servizo de Educación,

Mediación, información e

asistencia ao Público

### Deseño de iluminación

Manuel Martínez Carazo

### Producións Audiovisuais

RTVE, CRTVG, Mediapro

### Montaxe

Daexga

OHL

### Gráfica

David Carballal

Juan Gallego

### Transporte

Daexga

### Seguros

AXA Art

galicia  
o bo camiño



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA

**COLABORA**



LaLiga



Santander

**FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA**

//ABANCA

//Afundación

**INDITEX**

INVERAVANTE

Naturgy

Fundación Barrié

**Sabadell**

**Coren**

**Campo**

**GADIS**


GRUPO  
NOSA  
TERRA 21

Astillero  
**BARRERAS**  
V I G O

**R**

**MONBUS**

# Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia



A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle catro institucións culturais:

**Museo Centro Gaiás.** A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

**Biblioteca e Arquivo de Galicia.** Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

**Centro de Emprendemento Creativo.** Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC.

**Centro de Innovación Cultural (CINC).** É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

**Espazos naturais.** O Bosque de Galicia, o Xardín Literario e o Parque do Lago son os espazos verdes cos que conta o Gaiás. Lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudables a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.





## Museo Centro Gaiás

Chamado a ser un referente arquitectónico do século XXI, o Museo Centro Gaiás é un dos edificios máis singulares e con máis posibilidades de uso da Cidade da Cultura, que aspira a converterse no centro expositivo de referencia de Galicia.

A espectacularidade da súa fachada, con case 43 metros de altura, e os seus máis de 16.000 metros cadrados de superficie que inclúen espazos expositivos, almacéns e obradoiros, permiten ao Museo Centro Gaiás despregar unha oferta de actividades expositivas e dinamizadoras do sector cultural que o convierten nun centro activo e en continua renovación.

O Museo Centro Gaiás conta cunha superficie expositiva de 6.600 metros cadrados, dividida en tres plantas superiores e un grande espazo multifuncional na planta inferior, na que é posible materializar retos expositivos de diversa natureza.

Desde a súa inauguración en 2012, o Museo Centro Gaiás ten colaborado con institucións culturais sobranceiras, entre as que se atopan o Centro Galego de Arte Contemporánea, CGAC, Daros Latinoamérica Collection, Fundación Cisneros, Colección Patricia Phelps, Heeresgeschichtliches Museum, Manchester Art Gallery, Migros Museum für Gegenwartskunst, Museo Arqueológico Nacional, Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León, MUSAC, Museu d'Art Contemporani de Barcelona, Museo de la Catedral de Santiago, Musée D'Orsay, Museum of Modern Art, MoMA, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Museo Nacional del Prado, Museo Sorolla, Museo Thyssen-Bornemisza, National Museum Wales, Patronato de la Alhambra y Generalife, Real Fábrica de Cristales de la Granja, Fundación Centro Nacional del Vidrio, Rijksmuseum, The Scott Polar Research Institute, Victoria and Albert Museum e importantes coleccións privadas.











galicia  
o bo camiño



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA